

AS FRAGAS DE BOGO

Esta fermosa ruta discorre pola parroquia de Bogo, no arciprestado de Miranda, situada no concello de A Pontenova, intégrase na área do “Río Eo, Os Oscos e Terras de Burón” sendo Reserva da Biosfera desde setembro do 2007. Nela teremos a oportunidade de percorrer un dos bosques máis fermosos e mellor conservados da provincia de Lugo, con gran variedade de árbores entre os que destacan carballos, castiñeiros, abeleiras e acivros, e abundante vexetación arbustiva formada por fieitos, uces, ruscos, folgueiras e arandeiras, xunto co mofo recubrindo as pedras, tamén fervezas que forman os ríos ao longo do seu percorrido. Ademais, no itinerario veremos interesantes elementos etnográficos como corripas, muíños e aldeas tradicionais: **San Pedro de Bogo, Sanxés e Vilarxubín**, e a impresionante **Ferrería de Bogo**, importantísima factoría do século XVI que aínda conserva boa parte das súas edificacións.

Iniciamos o noso percorrido a 785 metros de altitude no lugar de Barreiros e baixamos por un camiño, sen apenas vexetación, cara unha mata de pinos que da entrada a fermosa **Fraga das Reigadas**. A partir de aquí iremos bordeando o río contemplando numerosos regatos e pequenas fervezas, ao mesmo tempo que atravesamos numerosas pontes tradicionais de madeira que dan un gran encanto a este itinerario. Pasamos por diante dunha antiga minicentral eléctrica e continuamos ata chegar a un desvío que nos conduce á ferveza do **Pozo da Chamosa**. Pasamos por diante dun muíño e chegamos a **Ponte Paradela**, saíndo á estrada, onde hai unha fonte para refrescarnos.

Camiñamos uns poucos metros e introducímonos na **Fraga de Vilaxubín**. Pasamos por diante dalgunha ouriceira (recintos circulares de pedra empregados para almacenar as castañas) e algo máis adiante alcanzamos outro lugar máxico, pegados ao río, onde a tranquilidade é a nota dominante, e que en poucos metros condúcenos ao **muíño dá Seimeira** en bo estado de conservación, e á **Ferveza das Reigadas** pouco despois. Seguimos camiñando ata que de súpeto ábrese o ángulo de visión e podemos apreciar un cambio na paisaxe coa presenza de coníferas e por primeira vez contemplamos un núcleo de poboación a aldea de **San Pedro de Bogo**. So queda un pequeno descenso para chegar á **Ferrería de Bogo**, fundada no ano 1534 polo fidalgo Pedro de Miranda para o aproveitamento das riquezas ferricas das súas terras a partir da forza motora do río Reigadas.

Despois de facer un descanso comenzamos a ascender cara Sanxés, pasando antes por San Pedro de Bogo coa súa curiosa igrexa que domina todo o val. O primeiro que chama a nosa atención o chegar a **Sanxés** son as esculturas do xa finado “**Manuel Marqués**” arte popular que nos sorprenderá. Despois de atravesar o pobo adentrámonos na fraga, por un camiño que máis adiante convertese nun carreiro, nel poderemos escoitar o ruxir da ferveza da Seimeira, que para vela, habería que desviarse.

Pasados dous muíños, que aproveitando a forza da auga permitían moer a indispensable fariña, cruzamos o regato e adentrámonos noutro fermoso souto. Máis adiante, o carreiro cruza un novo arroio para chegar ata un camiño máis amplo que, a través da **Fraga de Sanxés**, levaráanos á bonita aldea de **Vilarxubín**, onde nos espera o autobús.

Dificultade: Media

Distancia: 17,5 Km. Aproximadamente.

Recoméndase levar calzado axeitado para camiñar por zonas húmidas.